

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE PROFESORADO, DOCENCIA E TITULACIÓN, 1/2023, DO 17 DE FEBREIRO DE 2023, SOBRE VACACIÓNS E DÍAS DE LIBRE DISPOSICIÓN PARA O ANO 2023 DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO

1. Obxecto e ámbito.

Esta instrución ten por finalidade regular durante o ano 2023 o réxime de vacacións e días de libre disposición do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo.

2. Vacacións.

- 2.1. As vacacións anuais terán unha duración de vinte e dous días hábiles, ou a que corresponda proporcionalmente ao tempo de servizos prestados. Gozaranse preferentemente no mes de agosto, podendo autorizarse noutro mes sempre que as obrigas docentes e investigadoras o permitan, sen exceder do 31 de xaneiro de 2024 e sempre tendo en conta a aplicación das previsións contidas no apartado 6 desta instrución.
- 2.2. En virtude dos anos de servizos prestados na administración pública, o persoal terá dereito aos seguintes días hábiles adicionais, que se farán efectivos o mesmo ano do cumprimento dos anos de servizo:
 - Quince anos de servizo: un día hábil adicional (total 23).
 - Vinte anos de servizo: dous días hábiles adicionais (total 24).
 - Vinte e cinco anos de servizo: tres días hábiles adicionais (total 25).
 - Trinta anos de servizo ou máis: catro días hábiles adicionais (total 26).
- 2.3. Cando as situacións de permiso de maternidade, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo impidan o goce das vacacións dentro do ano natural a que correspondan, ou se unha vez iniciado o período vacacional sobrevén unha desas situacións, o período vacacional poderase gozar aínda que rematase o ano natural a que corresponda e sempre que non transcorresen máis de dezaioito meses a partir do final do ano en que se orixinase. No suposto de incapacidade temporal, as vacacións poderán gozarse a partir da situación de alta, e de acordo coas obrigas docentes.
- 2.4. Se os permisos de maternidade, paternidade ou a situación de incapacidade temporal sobreviñeran durante o período de vacacións, estas se interromperán podendo usarse as restantes nun período distinto, mesmo cando pola súa duración ou polas obrigas docentes fora preciso gozalas no ano natural posterior, dentro do límite previsto no apartado anterior.



- 2.5. Terase dereito a acumular o período de vacacións aos permisos de maternidade, adopción ou acollemento, paternidade, lactación e violencia de xénero, así como os períodos de incapacidade temporal derivados de embarazo ou lactación natural, mesmo despois do remate do ano natural ao que aquel corresponda.
- 2.6. Non obstante o anterior, o persoal contratado temporal deberá solicitar e gozar obrigatoriamente das vacacións, ás que teña dereito, durante a vixencia do seu contrato nos períodos que non teña asignada docencia, incluídos os que, de acordo co calendario académico do curso correspondente se interrompe a docencia: nadal e/ou entroido.

3. Asuntos particulares.

O persoal terá dereito a seis días por asuntos particulares; así mesmo terá dereito a dous días adicionais ao cumprir o sexto trienio, incrementándose nun día adicional ao cumprir o oitavo e sucesivos trienios, que se farán efectivos o mesmo ano do perfeccionamento do trienio correspondente. A autorización corresponderá aos directores/as de departamento e estará supeditada ás obrigas docentes, que poden xustificar a prolongación do seu uso ata o 31 de xaneiro de 2024.

4. Outros permisos.

O persoal poderá gozar de ata 3 días ao longo do ano por razóns de conciliación da vida laboral coa familiar e persoal, que se xestionarán como os días de asuntos particulares.

5. Días adicionais asociados ao calendario laboral.

O persoal terá dereito ademais de aos días indicados no Calendario Laboral da Universidade de Vigo aos seguintes días adicionais:

- 5.1. Festividades dos centros: O persoal terá dereito ao día da celebración do patrón do seu centro.
- 5.2. Por coincidir en domingo o 1 de xaneiro, festividade laboral de ámbito nacional de carácter retribuído, non recuperable e non substituíble pola Comunidade Autónoma, poderá gozar dun día adicional o persoal que teña un contrato ou nomeamento en vigor na data correspondente, ou ben que a previsión da duración do mesmo a inclúa.
- 5.3. O persoal gozará de un día de permiso no período non lectivo do entroido 2023. No campus de Ourense corresponderase co luns 20 de febreiro. Nos campus de Pontevedra e Vigo a escoller ben o luns 20 de febreiro ou o martes 21 de febreiro.



5.3. Por coincidir en domingo os días 24 e 31 de decembro, poderá gozar dun día adicional de libre disposición o persoal que teña un contrato ou nomeamento en vigor na data correspondente, ou ben que a previsión da duración do mesmo a inclúa.

6. Peche de centros, dependencias e instalacións e a súa incidencia nos períodos de vacacións.

Na procura de avanzar no compromiso da Universidade de Vigo e do seu persoal coa sustentabilidade e o cambio climático, en base aos obxectivos de optimización dos recursos que permita un aforro enerxético e económico, procederáse ao peche de todos os centros, dependencias e instalacións da Universidade de Vigo nos seguintes períodos do ano 2023:

- a) Entre o 3 e o 5 de abril, ambos os dous incluídos.
- b) Entre o 7 e o 22 de agosto, ambos os dous incluídos, que terán a consideración de vacacións anuais para todos os efectos. Co fin de minimizar as repercusións desta iniciativa e para permitir unha máis axeitada conciliación da vida familiar e laboral do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo, o persoal terá dereito a gozar de 3 días de libre disposición adicionais, agás que durante este período estea nalgunha das situacións previstas no primeiro parágrafo do punto 2.3.

Aquel persoal que en función ao tempo de servizos efectivamente prestados, ou da duración previsible de contratos e nomeamentos, teña dereito a un período de vacacións igual ou inferior a 11 días, deberá gozalos no tramo de peche, sempre que manteñan a súa vinculación coa Universidade ata o 22/08/2023 ou data posterior. Este persoal terá dereito aos días de compensación proporcionalmente ao tempo de servizos efectivamente prestados en cada ano natural, ou ben en función da duración previsible de contratos e nomeamentos.

7. Criterios comúns.

- 7.1. Agás os establecidos no Calendario Laboral da Universidade de Vigo e no apartado 5 e coas particularidades previstas para os períodos de peche, os días e períodos enumerados nos apartados anteriores serán proporcionais ao tempo de servizos efectivamente prestados en cada ano natural, ou ben en función da duración previsible dos contratos.
- 7.2. O cálculo dos días de permiso de libre disposición para o ano 2023 regulados nesta instrución realizarase aplicando a seguinte fórmula:

$$(9 * x Z) / 365$$

Z= número de días de prestación de servizos efectivos ou previsible durante o ano 2023.

* incrementados, de ser o caso, nos que correspondan por antigüidade.



De resultar un número decimal considerárase unicamente o primeiro dígito da parte decimal de xeito que cando esta sexa igual ou inferior a catro, o número de días resultantes será a parte enteira ($4,4 = 4$ días). No caso de que o primeiro decimal sexa 5 ou superior, engadirase unha unidade á parte enteira ($4,5 = 5$ días). Este mesmo redondeo practícarase para calcular as vacacións.

Asinado electrónicamente en Vigo,
O REITOR
Por delegación (R.R. 22/06/2022)
O Vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións
Alfonso Lago Ferreiro

